



M^{re} del MAR DEL POZO ANDRÉS (coord.).
Madrid, ciudad educadora, 1898-1938.
Memoria de la escuela pública. Ensayos
en torno a una Exposición. Madrid:
Ayuntamiento de Madrid/Oficina de
Derechos Humanos y Memoria, 2019,
466 pp. ISBN: 978-84-7812-800-6.

Patrimonio e historia configuran nos días do presente un feliz binomio: o seu diálogo permítenos obter sentidos e significados que nos axudan a situarnos comprensivamente nos contextos multifacetados en que transcorren as nosas vidas. En todas as nosas contornas, xunto ao patrimonio natural, máis ou menos alterado, e ao patrimonio inmaterial que vai nos saberes orais, actitudes e puntos de vista desde onde captamos o que nos rodea e nos expresamos, encóntrase o patrimonio construído e móbel, que frecuentemente está ante nós como unha materia inerte, agás

nos casos singulares das obras dignas de seren consideradas como nimbadas por algún carácter artístico.

No presente existe, por fortuna, unha consolidada e forte corrente de interese cultural e social ante unha ollada máis ampla sobre o patrimonio construído e móbel (na diversidade de obxectos), agora observado como parte da historia colectiva e como mediación que adecuadamente interpretada pode axudarnos a situarnos no presente con consciencia da xenealoxía e dos procesos históricos que nos precederon, provéndonos así de sentidos e significados que favorecen a comprensión das nosas vidas.

Sirvan estas palabras iniciais para referírmonos á magnífica exposición gráfica e informativa sobre o patrimonio construído en relación co sistema escolar público no concello da capital de España, Madrid, no relevante período temporal que vai desde 1898, o momento de cerre da España metropolitana e colonial, ata o momento posterior de 1938, en que tantas cousas cambiaron como consecuencia do golpe de estado, da guerra civil e do inmediato período de autarquía económica instaurada polo réxime político franquista: un período de 40 anos ou de catro décadas en que tan extraordinariamente mudou a capital de España, que pasou de ser unha cidade grande e un tanto deprimida, aínda que non exenta de monumentalidade histórica, a ser unha gran cidade por incorporar os estímulos, os ritmos, o clima, o dinamismo, as preocupacións e as ambicións que daquela caracterizaban a vida e vitalidade das grandes cidades europeas.

Baixo a coordinación da profesora da Universidade de Alcalá de Henares, Mar

del Pozo Andrés, quen como historiadora da educación hai xa tres décadas levara a cabo un estudo pormenorizado sobre a cuestión,¹ acompañada polo profesor José L. Gordo Blanco, acaba de levarse a cabo en Madrid esta exposición, que se ve complementada polo libro-catálogo que agora pasamos a comentar. Exposición e catálogo esixiron un forte investimento técnico e a participación de múltiples actores, xunto ao concello da cidade, presidido por Manuela Carmena: a Fundación Angel Llorca, o Museo de Historia da cidade, unha tripla coordinación gráfica, de proxectos audiovisuais, de actividades pedagóxicas e de formación, a mobilización de legados e coleccións particulares, e un específico comité científico para a investigación do patrimonio histórico dos colexios e a súa catalogación.

Estamos, finalmente, ante un coidado catálogo de mais de 400 páxinas, fermoso deseño e coidada maquetaxe. De forma equilibrada van alterándose distinguidos textos historiográficos –con dobre presentación en castelán e en inglés– con coidadas imaxes, do modo como sinalaremos sucintamente. Abre estes textos Ian Grossvenor cunha reflexión sobre “Las ciudades del aprendizaje en tiempos modernos”, valéndose dun texto de Walter Benjamin sobre a súa infancia e facendo unha viaxe de iniciación entre o fogar e a escola, percorrendo a cidade como un calidoscopio de imaxes e formas; un espazo de cognición (a arquitectura como forma ‘silenciosa’ de ensinar) e de locomoción e, en definitiva, un lugar de aprendizaxe, dado que os edificios e os espazos interveñen na

iniciación infantil na vida da comunidade e porque son espazos de representación e de memoria.

Segue un texto do profesor italiano Juri Meda (pp. 58-88) quen se detén no sintagma “Escuelas históricas, ¿categoría patrimonial, excelencia educativa o estratagema comercial?”, brindándonos unha atenta elaboración sobre a pedagogía do patrimonio cultural e un panorama internacional de lugares de memoria e contornas de aprendizaxe, con casos dos EUA, Reino Unido e Italia, ao tempo de poñer de relevo a cuestión da atribución social de valor simbólico a determinadas institucións educativas. Pola súa banda, A. Bahamonde, desde o seu coñecemento histórico da cidade de Madrid, preséntanos as claves da súa modernización urbanística durante o primeiro terzo do século XX ata converter a cidade nun símbolo de modernidade.

Un dos trazos de modernización viña significado polo paso organizativo das escolas unitarias á gradación escolar, con máis adecuada expresión nas escolas graduadas e neste caso é o profesor Antonio Viñao quen, desde un aquilatado saber, nos presenta este asunto: traza aquí o profesor Viñao os fundamentos da gradación escolar, ligados á racionalización e ao modelo da división do traballo imposta na produción industrial estadounidense, e percorre o camiño seguido en España desde o momento auroral cartaxinés de 1900, pasando pola creación en 1920 da Oficina Técnica ministerial para a creación de escolas baixo a dirección de Antonio Flórez e baixo os impulsos socio-institucionistas.

A profesora Mar del Pozo será quen entre as páxinas 266-325 se deterá na presentación dos grupos escolares de

¹ Pozo Andrés, M.ª del Mar. *Urbanismo y Educación: política educativa y expansión escolar en Madrid (1900-1931)*. Alcalá: Universidad de Alcalá, 1999, 834 pp.

Madrid como “escaparate da renovación pedagóxica en España”, significando que a cidade mostrou unha intención específica de converterse en modelo e exemplo de renovación pedagóxica nacional española, e unha destas manifestacións foi a creación a partir de 1918 das “escolas de ensaio e reforma” e para o caso debemos ter en conta, en particular, o papel xogado en Madrid pola Escola de Estudios Superiores del Magisterio e a Junta de Ampliación de Estudios, debido ao seu papel tractor que atraía a Madrid profesorado de toda España que xa na cidade procedía igualmente a visitar estes grupos graduados da capital. Puideron, así, apreciarse as influencias de Decroly, do Plan Dalton, da metodoloxía montessoriana, ou a incipiente posta en práctica da concepción comunitaria querida á perspectiva deweyana da educación.

Nas páxinas seguintes será tamén a mesma profesora quen presente a entidade das escolas públicas históricas de Madrid (“que funcionaron como graduadas ata 1938”); escolas que con algunha frecuencia chegaron a converterse en icona da nova escola pública graduada españo-

la, compoñendo, ademais, un censo de 83 centros (42 de nenos e 39 de nenas, ata o tempo da coeducación republicana) dos que 41 manteñen a súa actividade docente na actualidade.

Se nos referimos ao amplísimo elenco de imaxes debemos aludir: ás imaxes da cidade educadora, ás das escolas históricas, ás imaxes da modernización, ás das escolas graduadas e da renovación pedagóxica, entre outras relacionadas con este patrimonio, cerrando este libro-catálogo unha ampla mostraxe ordenada de materiais e recursos didácticos históricos agora catalogados nos distintos centros escolares e unha densa e oportuna bibliografía.

As transformacións vividas no escenario social, os procesos de innovación didáctica, as modificacións curriculares rexistradas ao longo do primeiro terzo do século XX e o palpitar de tan variados aspectos relacionados coa educación naquel tempo están igualmente presentes neste denso e ben organizado volume.

Antón COSTA RICO
USC